

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

XUSTIFICACIÓN

A formación do alumnado abarca múltiples facetas, pero existen aspectos . É necesario, polo tanto, contar cunha oferta de actividades complementarias e paralelas ao currículo prescritivo que colaboran na formación do alumnado. Este curso escolar, totalmente impregnado e pendente da evolución da pandemia por COVID, debido os protocolos de prevención da mesma e os posibles cambios que se poidan dar no desenvolvemento da actividade académica, o plantexamento, realización e proxección das actividades e as conmemoracións a realizar vense determinados pola situación citada.

Polo dito anteriormente, ante a **imposibilidade de celebrar determinados actos con todo o alumnado, con motivo das distintas conmemoracións e outras actividades complementarias planificadas nas progracións didácticas, a realización de ditas actividades terán lugar dentro de cada aula, desenvolvidas polo profesorado dos distintos niveis, materias e departamentos, coordinados polos membros do Equipo de Complementarias e o Equipo de Biblioteca.**

A exposición dos traballos e proxectos elaborados despois de cada actividade farase en medios dixitais, revista escolar e outras canles como a páxina web do centro escolar, nos blogs de cursos, niveis, etapas e departamentos e nos cursos da Aula Virtual.

O desenvolvemento do programado polo Equipo de AACCEE realízase coa colaboración e cooperación constante do Equipo de Biblioteca e do EDLG.

Este curso escolar 2020-21 o fio condutor das actividades propostas nas distintas conmemoracións é o tema proposto pola BIBLIOTECA do noso centro como eixo vertebrador do traballo escolar: OCEANÍA e a ANTÁRTIDA.

A programación é aberta, pode ser modificada, ampliada ou reducida, segundo sexa a valoración que dela se faga e da evolución da situación de pandemia, e abrangue as conmemoracións marcadas nas instrucións da Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e tamén outras celebracións de tradición no noso centro escolar.

OBXECTIVOS

1. Programar actividades relacionadas coas conmemoracións anuais para realizar nas aulas, favorecendo as tarefas que integren e desenvolvan os temas transversais que, a pesar de estar presentes en todas as materias, atopan nestas un marco máis oportuno, completando os coñecementos teóricos con experiencias prácticas e manifestacións máis lúdicas.
2. Impulsar a preocupación do alumnado polo entorno, tanto no que se refire a conservación e mellora do medio ambiente, como o respecto polo patrimonio cultural.
3. Impulsar actividades de cooperación adaptadas á situación deste ano escolar entre os membros de cada grupo e entre clases, desenvolvendo actitudes solidarias, tolerantes e sen discriminación de sexos, capacidades, culturas,...para que exerzan un efecto motivador e o interese por afondar ou investigar en distintos temas.
4. Desenvolver o espírito crítico e fomentar o interese do alumnado por todo o que forma o noso mundo, de tal maneira que non se perciba o ámbito escolar como algo alleo e distante da propia vida.
5. Crear material didáctico variado en distintos formatos.
6. Difundir no entorno as actividades realizadas, empregando os diferentes blogs e a páxina web do Centro.

PROGRAMA DE COMMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar traballaremos as seguintes conmemoracións:

- Samaín: 30 de outubro.
- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Nadal.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- Febreiro: Antroido.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Organización:

1. Cada clase, nivel, ciclo, departamento ou materia decidirá o tema ou temas nos que traballará.
2. Unha vez elixidas as actividades a realizar e a temporalización das mesmas comunicarallo ao membro do Equipo de AACC do seu ciclo ou etapa para a coordinación xeral.
3. Aqueles traballos do alumnado que se escollan para seren publicados recolleranse polo profesorado encargado da actividade.
4. Enviaranse no formato solicitado a través da canle que será comunicada a tal fin.
5. Os traballos serán publicados a través de medios dixitais: revista escolar en formato dixital, blogs, aula virtual...

OBRADOIROS PARA AS TITORÍAS

Contémplase a realización dun obradoiro sobre Igualdade de Xénero no mes de novembro nos niveis de 5º e 6º de Ed. Primaria, e de 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Secundaria:

1. Obradoiro para **5º e 6º** de Ed. **Primaria**; **1º, 2º** de Ed. **Secundaria**:

Dúas sesións en cada grupo nas titorías. Impartido por videoconferencia a todo o grupo.
Financiado por Concello de Miño.

2. Obradoiro para **3º e 4º** de Ed. **Secundaria**:

Impartido por videoconferencia a todo o grupo. Financiado por ANPA do CPI Castro Baxoi.

27 de outubro de 2020
Equipo de AACCEE
Asdo: M^a Carmen Sánchez Castro